




CONCELLO DE BOIRO

Secretaría 1/4

CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019
Casa do Concello



NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión ordinaria do PLENO DO CONCELLO

Notifícaselle a Resolución da Alcaldía do 26/09/2016 que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional), do 22/09/2016.


TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 29/09/2016
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.
Orde do día:

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS


- 1 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/07/2016, Acta 2016/05
- 2 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/08/2016, Acta 2016/06
- 3 Aprobación da conta xeral correspondente ao exercicio do 2015
- 4 Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 2, reguladora do Imposto sobre os vehículos de tracción mecánica
- 5 Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 3, reguladora do Imposto sobre os bens inmoables
- 6 Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 7, reguladora da taxa pola expedición de licenzas de apertura de establecementos



- 7 Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 8, reguladora da taxa pola expedicións de documentos
- 8 Revocación da autorización de compatibilidade para o exercicio de actividade privada ao traballador municipal José Antonio Deira Piñeiro outorgada polo Pleno do Concello o 10/09/2015 a petición do interesado
- 9 Determinación dos festivos locais no Concello de Boiro para o ano 2017
- 10 Moción de Boiro Novo – Son sobre a adhesión do Concello de Boiro á rede galega Apego, de promoción da lingua galega entre as crianzas de 0 a 6 anos (RE 5673 do 11/05/2016)
- 11 Moción do BNG sobre vivendas valeiras (RE 5859 do 16/05/2016)
- 12 Moción do BNG sobre o transporte metropolitano en Galicia (RE 5862 do 16/05/2016)
- 13 Moción do PSdeG-PSOE sobre a reparación da cuberta do polideportivo da Cachada (RE 8171 do 01/07/2016)
- 14 Moción de Boiro Novo – Son sobre o impulso de medidas para evitar o sacrificio de animais abandonados (RE 8224 do 04/07/2016)
- 15 Moción de Boiro Novo – Son sobre a elaboración dun plan de mobilidade local para a construción de novos tramos de carril bici e o arranxo de instalacións deportivas municipais – pavillón e campo de fútbol de Barraña – (RE 8225 do 04/07/2016)
- 16 Moción de Boiro Novo – Son sobre a mellora da seguridade vial na estrada da DP 1106 Boiro – Cespón (RE 8234 do 04/07/2016)
- 17 Moción do BNG sobre elaboración e sinatura dun convenio para establecer un refuxio comarcal nas instalacións da canceira do Concello de Ribeira e implantación do código de sacrificio cero nas súas instalacións (RE 8795 do 20/07/2016)
- 18 Moción do BNG sobre a recuperación da memoria histórica e de condena da ditadura francisco (RE 8796 do 20/07/2016)
- 19 Moción do BNG sobre aluguer de bicicletas (RE 8946 do 27/07/2016).
- 20 Moción de Boiro Novo Son sobre a adopción de medidas encamiñadas á axuda a integración de persoas con diversidade funcional (RE 9947 do 01/09/2016)

II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- 21 Toma de coñecemento das Resolucións da Alcaldía
- 22 Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal así como das principais anomalías en materia de ingresos ao 2º trimestre do 2016
- 23 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral sobre o cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ao 2º trimestre do 2016
- 24 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de remisión da información trimestral sobre o período medio de pago a provedores establecido na Lei de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira, referido ao 2º trimestre do 2016





CONCELLO DE BOIRO

Secretaría 3/4

- 25 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre a análise do cumprimento do plan de saneamento, anualidade 2015
- 26 Mocións de urxencia
- 27 Rogos e preguntas

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

Boiro, 26 de setembro de 2016.

O alcalde,

Juan José Dieste Ortigueira

o secretario,

Dalmiro Núñez Méndez".

RECURSOS

Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da dita Lei 30/1992.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Boiro, 26 de setembro de 2016

O secretario, Dalmiro Núñez Méndez

